

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DERIVADAS DA CONTRATACIÓN DE PERSONAL PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 23-2021, por un importe total de 53.079,43 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2021, para dar cobertura as obrigas derivadas **DA CONTRATACIÓN DE PERSONAL PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS** segundo se pon de manifesto na proposta asinada polo Concelleiro de Medio Ambiente e Medio Rural, don Miguel Fernández Méndez, de data 15/06/2021.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2021/1016 de data 23/06/2021, así como RCMOD Ref.: 46662/2021, por importe de 12.280,62 € e RCMOD Ref.: 46894/2021, por importe de 40.798,81 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 53.079,43 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
24102.13100	40.798,81 €	13500.13100 13500.16000	29.834,71 € 10.964,10 €
16210.22799	12.280,62 €	13500.22104 13500.20400 13500.21300 13500.22103	4.102,51 € 6.534,00 € 984,11 € 660,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	53.079,43 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	53.079,43 €

INTERVENCIÓN

MVF/mjlc

Refª: ispac7177170532699473477.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 23/2021

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.